



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN AMIGÓ NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CONVIVINDO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR EN CASOS DE VIOLENCIA FILIO-PARENTAL NAS CIDADES DA CORUÑA, LUGO E VIGO

No lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da consellería, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, José Antonio Morala Salamanca, en calidade de director Territorial da Fundación Amigó en Galicia, que actúa en nome e representación da entidade con CIF [REDACTED] de acordo co nomeamento outorgado en escritura pública o dezasete de outubro de 2022 ante o Notario Carlos Rodríguez-Viña Cancio.

Interveñen no exercicio dos seus respectivos cargos e das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO



Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

TERCEIRO

Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

CUARTO

Que a Fundación Amigó é unha entidade con natureza fundacional e de iniciativa social, sen ánimo de lucro, constituída o 19 de abril de 1996 mediante escritura pública co número 915 ante o notario Ángel Marques Perela, inscrita no Rexistro de Fundacións co número 472 e no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-5018. A Fundación Amigó establece nos seus estatutos que ten por obxecto e finalidade a investigación, sensibilización, asistencia e cooperación técnica nos campos educativos e sociais para o desenvolvemento humano, a calidade de vida e a mellora na prevención, asistencia, integración e rehabilitación das persoas excluídas e vulnerables, especialmente dos nenos, nenas e adolescentes que sofren abandono, marxinación, alcoholismo, drogadicción, delincuencia, malos tratos, illamento e pobreza no Estado español e/ou no estranxeiro.

A entidade, a través do Programa CONVIVINDO, establece un recurso socioeducativo e terapéutico gratuito de resolución positiva dos conflitos entre os fillos/as e os seus proxenitores, titores legais ou figura equivalente, que se desenvolve nas cidades da Coruña, Lugo e Vigo. Trátase de ofrecer unha resposta especializada a aquelas familias que se atopan nestas situacións de conflito. Especificamente, faise unha abordaxe á violencia filio-parental na que os os/as fillos/as mostran algún tipo de violencia cara ás súas figuras de referencia adultas. Estes conflitos poden estar provocados por diferenzas xeracionais, falta de comunicación, desestructuración e desaxuste dos roles parentais, cambios na xerarquía familiar, comportamentos desadaptados dos fillos/as ou calquera



circunstancia que provoque que esta convivencia sexa fonte de desaxustes persoais e relacionais.

O programa Convivindo ten dúas grandes liñas de intervención: liña de prevención e sensibilización e liña socioeducativa e terapéutica. A través da intervención socioeducativa e psicolóxica a nivel familiar, a Fundación Amigó traballa para que as familias adquiran estratexias e habilidades que lles permitan afrontar e reconducir a situación, así como recuperar o vínculo afectivo.

QUINTO

Que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, está interesada en subvencionar, dentro do programa Convivindo, as actuacións de intervención socioeducativa sobre a infancia e a adolescencia en casos de violencia filio-parental, formando parte as devanditas actuacións, dos fins fundacionais da entidade de acordo co artigo 6 do seus estatutos.

SEXTO

Que a Fundación Amigó conta con experiencia en intervención socioeducativa sobre infancia, adolescencia, mocidade e o ámbito familiar en xeral, e con experiencia específica na temática do programa Convivindo, que é un recurso gratuito de intervención psicosocial e socioeducativa ante o conflito familiar, que atende a familias con fillos/as, menores de idade, ou maiores cando a situación o requira, que presentan graves problemas de convivencia e un alto grao de conflitividade. O programa convivindo xurdiu en Madrid en 2015, ante o incremento de situacións de violencia filio-parental, e foise replicando por distintas cidades do territorio nacional. Actualmente, na nosa Comunidade, non existe outro programa destas características, sendo a Fundación Amigó a única que desenvolve esta iniciativa tan particular.

Que tendo en conta o carácter específico da actuación, a resolución positiva do conflito familiar entre os/as proxenitores/as e os seus fillos/as, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, pois esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo na Comunidade Autónoma de Galicia.

O programa cumpre por tanto, cos seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.



- O artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que establece que por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

Polo exposto, as partes comparecentes na representación que ostentan acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a concesión directa dunha subvención pública destinada ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade das actuacións desenvoltas pola Fundación Amigó no seu programa Convivindo, recurso socioeducativo e terapéutico gratuito de resolución positiva dos conflitos entre os fillos/as menores de idade, ou maiores cando a situación o requira, e os seus proxenitores, titores legais ou figura equivalente que se desenvolverá nas cidades da Coruña, Lugo e Vigo. Especificamente, a través do dito programa, lévase a cabo unha abordaxe da violencia filio-parental (ascendente) na que os/as fillos/as mostran algún tipo de violencia cara ás súas figuras de referencia adultas.

SEGUNDA. Persoas destinatarias do programa

O programa Convivindo baséase na constatación dunha necesidade educativa e social emerxente: a existencia de nenos, nenas e adolescentes que no seu proceso de maduración e socialización, encontran dificultades de xeito acentuado no seu medio familiar, e usan como método de resolución de conflitos a violencia. Trátase de familias residentes nas cidades da Coruña, Lugo e Vigo con fillos/as, menores de idade, ou maiores cando a situación o requira, que como consecuencia destes conflitos, que danan irremediabilmente os lazos afectivos e relacionais, necesitan orientación e acompañamento para restituír unha dinámica normalizada na súa relación familiar.

TERCEIRA. Actuacións a subvencionar

O programa Convivindo é un recurso gratuíto de intervención psicosocial e socioeducativa ante situacións de conflito familiar que se leva a cabo nas cidades galegas de Lugo, Vigo



e A Coruña. Atende a familias con fillos/as, menores de idade, ou maiores cando a situación o requira que presentan graves problemas de convivencia e un alto grado de conflitividade. Cómpre destacar que as familias acoden ao recurso de forma voluntaria e está aberto a toda a poboación residente nas cidades da Coruña, Lugo e Vigo, tendo preferencia ás familias que se encontren en situacións de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social (escaseza de recursos, desemprego, cargas familiares non compartidas).

A finalidade do programa Convivindo é realizar unha abordaxe integral para a prevención e tratamento da violencia filio-parental e proporcionar orientación e intervención psicoterapéutica ás familias que sofren este tipo de violencia ascendente.

O programa ten dúas grandes liñas de intervención:

a) Liña de Prevención e Sensibilización, mediante a cal se proporciona información ás familias respecto das pautas e actuacións a levar a cabo para evitar ou minimizar os posibles conflitos familiares e que se desenvolverá a través de campañas de sensibilización, da realización de obradoiros dirixidos a diferentes colectivos, da celebración de actos conmemorativos que fomenten a tolerancia e a difusión de materiais relacionados coa violencia filio-parental.

b) Liña Socioeducativa e Terapéutica, na que se traballa con familias con fillos/as, menores de idade, ou maiores cando a situación o requira, nas que xa existen situacións de conflito familiar onde a violencia ascendente, dos/as menores cara aos adultos, está presente nalgunha das súas formas. Para a inclusión das familias no programa Convivindo atenderase ao grao de gravidade do conflito e á forma en que afecta ás dinámicas familiares e prestarase especial atención a aquelas familias que se atopan en risco de exclusión social.

As familias afectadas por este tipo de situacións presentan a miúdo unha serie de necesidades ás que se lle pretende dar resposta a través do proceso de intervención realizado polo programa Convivindo. Sen prexuízo da necesidade de analizar as circunstancias de cada familia de forma individualizada para adaptar a intervención as súas necesidades, o desenvolvemento do programa ao longo destes anos permitiu identificar unha serie de dinámicas familiares disfuncionais que dificultan a convivencia e poden propiciar a aparición da violencia ascendente, entre as que destacan as seguintes:

- Problemas de comunicación entre os diferentes membros da familia.
- Situacións familiares conflitivas derivadas de adiccións.
- Dificultades derivadas de separacións e divorcios conflitivos.
- Hostilidade ou non aceptación de novas incorporacións ao grupo familiar tras rupturas, cambios, reconstitucións ...
- Rexeitamento dos/as adolescentes cara ás normas e límites.
- Pautas educativas inadecuadas, inconsistentes ou contraditorias.



- Exceso de lecer, falta de estrutura e contido do tempo libre dos/as adolescentes, ausencia de interese e compromiso coas responsabilidades da vida cotiá, así como laborais.
- Dificultade paterna/materna para crear vínculos afectivos positivos, adaptándose ás circunstancias especiais de cada neno/a e adolescente, especialmente en casos de adopcións nas que se viviu unha situación de desarraigamento cultural.
- Fillos/as que viviron situacións de violencia previas no seu domicilio cara a eles/as ou entre os seus proxenitores, sendo de especial gravidade os/as nenos e nenas que viviron situacións de violencia de xénero e que reproducen eses comportamentos cara á nai por mor da adolescencia.
- Casos nos que os fillos/as presentan problemas de saúde mental leves ou moderados de diferente índole que, combinados con comportamentos violentos ou desadaptados no fogar, supoñen unha fonte de conflito
- Nenos/as coidados por outros familiares e reagrupados cos seus proxenitores no momento da adolescencia e que, por tanto, non estableceron un vínculo entre eles.

A intervención parte dunha perspectiva holística e multidisciplinar sustentada nos piares da pedagogía amigoniana, baseada na individualidade de cada persoa e na aceptación incondicional da mesma. Trátase dun modelo progresivo, personalizado, en familia, preventivo, participativo, orientado ao logro da autonomía a medio e longo prazo.

A intervención familiar é esencial neste programa, polo que se pretende a colaboración e implicación directa de todos/as os membros da familia. O proceso de todos/as eles/as, de forma individual e como unidade familiar, é o obxecto da intervención e fonte de recursos e solucións, xa que son eles/as os construtores dun novo modelo de convivencia.

CUARTA. Obrigas da Fundación Amigó

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a entidade deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, entre os que se atopan:

- a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.



d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderá ser comprobado pola consellería agás oposición expresa da entidade. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención de acordo co disposto no artigo 15.3 da lei 9/2007, do 13 de xuño e do artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro de subvencións de Galicia. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma como na súa duración, e



poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

g) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

3. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

QUINTA . Orzamento

1. A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a entidade ascende á contía de 289.764,85 euros. Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de cen mil euros (100.000,00€) que serán imputados con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da Dirección Xeral competente en materia de familia e infancia, da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano corrente.

2. A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso pode supor beneficio económico para a entidade beneficiaria.

3. A dita cantidade destinarase a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo e que de xeito indubidable se destinen á realización do programa obxecto da concesión da subvención a través do convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada no convenio non varíe.

SEXTA. Condicións de pagamento e xustificación

1. Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o pagamento da contía referida neste convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total concedido (80.000,00€) poderase facer efectivo mediante pagos parciais a conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique a realización da actividade e os gastos e pagos realizados.



b) O 20% restante (20.000,00€) pagarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación dos pagamentos deberase presentar:

Certificación, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá:

- Relación de facturas.
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.
- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu xustificante de pagamento e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).
- Xustificante de pagamento dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, na que se recolla as actuacións levadas a cabo pola asociación en relación coas actividades obxecto da concesión da subvención a través do convenio, con indicación das persoas ou familias participantes.
- Declaración responsable de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No momento da xustificación da execución total do programa e en calquera caso antes do derradeiro pagamento, a Fundación Amigó alcanzará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes.

3. A data límite de xustificación será o 10 de decembro do 2025. Non obstante aqueles gastos realizados no derradeiro mes de vixencia do convenio cuxo pagamento efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación establecido, será suficiente coa presentación das facturas devindicadas no período conforme ao indicado no número anterior, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de xaneiro de 2026.

4. Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nesta cláusula, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo decreto.



SÉTIMA. Compatibilidade das axudas

1. A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.
2. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

OITAVA. Inexistencia de relación laboral

1. Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso, precise para o desenvolvemento das ditas actuacións.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social e Igualdade de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

NOVENA. Información básica protección de datos persoais.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia



legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoas>.

DÉCIMA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Fundación Amigó, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.



A comisión reunirase tantas veces como sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realíza Fundación Amigó dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. Causas de resolución e efectos

1. Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- c) O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora devindicadas dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

2. De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

3. En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. Réxime xurídico



1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

2. A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

3. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fora expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fora expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. Publicidade

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. A Fundación Amigó terá a obriga de subministrarlle á Consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.



3. De conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, no lugar e na data da súa sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Igualdade

O representante legal da Fundación Amigó

Fabiola García Martínez

José Antonio Moral Salamanca



Anexo

DESAGREGACIÓN DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES OBXECTO DO PROGRAMA	
1 Psicólogo/a (xornada completa)	32.262,50 €
1 Psicólogo/a (xornada completa)	32.262,50 €
1 Educador/a (xornada completa)	33.475,00 €
TOTAL	100.000,00 €

DESAGREGACIÓN CUSTOS DE PERSOAL			
Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Seguridade Social	Total
1 Psicólogo/a (xornada completa)	24.931,00 €	8.331,50 €	32.262,50 €
1 Psicólogo/a xornada completa)	24.931,00 €	8.331,50 €	32.262,50 €
1 Educador/a (xornada completa)	25.090,00 €	8.385,00 €	33.475,00€
TOTAL			100.000,00 €

